

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA QUE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE OURIZO A PÉ Á CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXIA DURANTE O MES DE MARZO

ANTECEDENTES

- 1 O 17.02.2026 ás 16:25 horas, a confraría de pescadores de Muxía solicita autorización para a extracción de ourizo (*Paracentrotus lividus*) a pé durante o mes de marzo de 2026.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 Tense en conta a seguinte normativa:
 - O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
 - A Orde do 19 de decembro de 2024, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027.
- 2 Recíbense os seguintes informes:
 - Informe da bióloga de zona do 25.02.2026
 - Informe favorable do INTECMAR (Instituto tecnolóxico para o control do medio mariño) do 18.02.2026

Este departamento territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 20.1 do Decreto 153/2019 do 21 de novembro.

Tendo en conta todo o anterior RESOLVO:

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal





Autorizar a extracción de ourizo a pé á confraría de pescadores de Muxía segundo se recolle a continuación.

Especie: ourizo (*Paracentrothus lividus*)

Datas:

- 2, 3, 4, 5, 6, 18 e 20 de marzo de 2026.

Por recomendación técnica, elimínanse os días 17, 19 e 30 de marzo para garantir que queden, cando menos, 6 días de traballo en decembro (o calendario do plan prevé 7).

Os días 17 e 30 de marzo son os dous con menor altura de baixamar (0,8 m; fonte: Pesca de Galicia) entre os solicitados.

O día 19 de marzo non se autoriza por ser festivo de ámbito estatal e por non estar debidamente xustificada a súa autorización conforme aos termos recollidos no plan de xestión.

1. Zonas e bancos:

- Zona 1: Insua da Cetaria e Carreiro
- Zona 2: As Bousieiras e Langosteira
- Zona 3: Cuño
- Zona 4: O Herboso

A confraría deberá comunicar á Sección de Coordinación Técnica da Coruña, a través do enderezo de correo electrónico (seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal), con carácter previo ás 10:00 horas do día correspondente, o banco autorizado para a súa apertura en cada xornada, así como a relación nominal das persoas participantes na devandita xornada.

Soamente estará aberto un banco por xornada coa finalidade de optimizar o control da extracción e das capturas.

Por informe técnico a autorización se **limita o esforzo** no banco das Bousieiras a **tres días** durante o mes de marzo.

A confraría debe anular aqueles días nos que a previsión de altura de ondada sexa superior a 3 m segundo os datos recollidos na seguinte web: <https://mapas.intecmar.gal/perceguru/>.

Puntos de venda: Lonxa de Muxía e demais puntos de venda autorizados.



**Puntos de control:**

- Zona 1: Cetaria e O Carreiro
- Zona 2: Bousieiras e Langosteira
- Zona 3: Cuño
- Zona 4: O Herboso
- Lonxa de Muxía, só operativo no caso de que non sexa posible realizar o control no banco.

En cada xornada unicamente estará operativo o punto asociado ao banco aberto.

Topes de captura: 20 kg/persoa/día.

Tamaño mínimo: 60 mm.

Artes: Bicheiro e forquita para ourizo conforme ao Decreto 15/2011.

Horario: Dende dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, tendo como tope as 18.00 horas, de acordo co establecido no Decreto 15/2011

Participantes: Por ser un plan complementario para as persoas percebeiras a pé, non se poderá simultanear na mesma xornada a actividade extractiva noutros plans de xestión, polo que deberán comunicar á xefatura territorial antes 10.00 h o colectivo de persoas que participarán na xornada de traballo.

Observacións:

- A confraría deberá anular os días nos que a previsión de altura de ondada sexa superior a 3 m segundo os datos recollidos na seguinte web: <https://mapas.intecmar.gal/perceguru/>.
Estas condicións son totalmente inadecuadas para a extracción do ourizo xa que dificultan o acceso ao intermareal máis baixo, onde se atopan os exemplares de maior tamaño e incrementase a captura de exemplares pequenos.
- A confraría deberá comunicar á Sección de Coordinación Técnica da Coruña, a través do enderezo de correo electrónico seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal, con carácter previo ás 10:00 horas do día correspondente, o banco autorizado para a súa apertura en cada xornada, así como a relación nominal das persoas participantes na devandita xornada.
- A confraría deberá garantir a realización das seguintes actuacións:
 - Controis de talla das capturas cunha periodicidade mínima semanal, co obxecto de dar cumprimento ao establecido no obxectivo biolóxico do plan relativo a





"incrementar e/ou manter a calidade das capturas".

- Mostraxes de abundancia e da estrutura de tallas dos bancos explotados.
- **Mostraxes de abundancia e estrutura de NOVOS BANCOS na zona interna da ría.** Resulta necesario ampliar o número de bancos na zona máis resgardada do ámbito do plan xa que as capturas declaradas dende a aprobación do plan por primeira vez, en 2023, repartíronse unicamente entre os catro bancos das zonas 1 e 2, e outros dous bancos do plan nunca se explotaron, por estaren máis expostos aos temporais, entre outros motivos.

Condicións adicionais:

- 1 Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á Sección de coordinación técnica da Coruña a través do seu correo electrónico (seccoordtec.mar.coruna@xunta.gal), de xeito que cando chegue a esta xefatura a solicitude de apertura mensual, os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior. Deberán indicar claramente, no apartado "asunto" do correo electrónico, o plan de explotación de que se trata.
As entidades que contan con persoal técnico, a data da solicitude da apertura do plan de xestión, terán que ter actualizados os datos da explotación na ferramenta para o seguimento dos plans habilitada pola consellería (AT2 novo formato actualizado). Deberán ir recollendo información para o cumprimento dos obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos aprobados no plan de xestión.
Neste punto o informe da bióloga de zona indica que a asistencia técnica deberá realizar controis de talla das capturas cunha frecuencia mínima semanal, para cumprir co establecido no obxectivo biolóxico do plan referido a "Incrementar/manter a calidade das capturas".
- 2 Disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos: "*No caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega.*"
- 3 Puntos de control: O control na lonxa, débese considerar para casos moi extraordinarios. De forma xeral, os puntos de control sempre deben estar nas zonas de produción. As persoas encargadas destes controis serán as participantes no plan nos que tamén poderán colaborar o gardapesca, lonxeiros ou asistencia técnica. Entre as





participantes do plan designarase de xeito rotatorio a unha persoa responsable por cada xornada de traballo.

- 4 O horario dos puntos de control nas zonas de produción nas xornadas de traballo será de 2,5 h antes a 2,5 h despois da baixamar diurna, mentres que o control en lonxa para os casos extraordinarios será ata 45 min. despois da primeira baixamar diúrna.
- 5 Lonxa de Muxía, só operativo no caso de que non sexa posible realizar o control no banco.
- 6 As persoas mariscadoras cubrirán, cada día de traballo, un estadillo onde rexistren a zona e tempo de traballo. Isto completará a información do punto de control (nunca o substituirá) co fin de levar un mellor seguimento da explotación. Nos puntos de control deben controlarse cotas máximas de captura e tamaños. O ourizo, unha vez que pase polo punto de control, trala entrega do ticket nominativo correspondente ao mariscador, deberá ser trasladado ata a lonxa de xeito conxunto, onde se emitirá o documento que ampare o transporte no caso de ser trasladado a outra lonxa para a súa venda.
- 7 Coas solicitudes de apertura, deberán indicar puntos de control operativos e persoal responsable. No caso de observar un funcionamento deficiente, poderase limitar a explotación ou incluso suspendela.
- 8 Levarase a cabo un sistema de control dos bancos marisqueiros mediante estadillos que cubrirán os mariscadores, cada día de traballo, onde indicarán o tempo e zona de traballo. Isto xunto co control de tallas, que se realizará cunha periodicidade semanal, axudará a acadar estes obxectivos e tamén pasará polo asesoramento do colectivo para que adopten un bo método de extracción do recurso, colleitando os exemplares de maior tamaño e sen presenza de exemplares rotos ou non comerciais.
- 9 Comercialización: cómpre recordar o disposto no artigo 10.1 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, pola que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño:

Art. 10.1. Efectuada a descarga, procederase á venda na lonxa ou centro de venda do porto de descarga. Non obstante, se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte das ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino.

Así mesmo a Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula o control de descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos, establece:





Artigo 6.- Documento de orixe: Cando se transporten o trasladen moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos dende a zona de produción ata a lonxa-lugar de concentración ou clasificación, se acompañarán dun documento de orixe que conteña os datos que se recollen no anexo III da Orde.

Artigo 7.- Documento de rexistro (Puntos 1 a 10 do artigo).

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación ou publicación desta resolución, segundo dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, nos seus artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II).

Mediante este documento notifícaselle á confraría de pescadores de Muxía esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A directora territorial
P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)

